

BASES DO SORTEO NAS REDES SOCIAIS DE TURISMO CARBALLO: "SURFEA CARBALLO"

OBXECTIVO:

A Concellaría de Promoción Económica e Turismo do Concello de Carballo convoca un **sorteo** nas redes sociais de Turismo a través da súas páxinas de **Facebook, Twitter e Instagram** co obxectivo de favorecer a práctica do surf no municipio e de promocionar Carballo como destino de surf. Xa que o Concello de Carballo forma parte da candidatura conxunta da Costa da Morte para converterse en Reserva Mundial de Surf ante a ONG Save the Waves, dada a presenza no municipio de cinco escolas de surf, así como da práctica habitual deste deporte nas praias carballesas, o obxectivo da campaña "Surfea Carballo" é o de reforzar a presenza do municipio como espazo para practicar o surf e contribuír a promocionalo alén das fronteiras do Concello.

PARTICIPACIÓN NO SORTEO:

- Poderá participar no sorteo calquera persoa maior de 18 anos.
- Para entrar no sorteo, os/as participantes deberán publicar unha fotografía de autoría propia no seu muro de Instagram, Facebook ou Twitter **entre o xoves 1 e o venres 30 de abril** na que aparezan unha ou varias persoas cun neopreno e unha táboa de surf ou na que estean practicando surf. Cada usuario ou usuaria das redes sociais só poderá participar cunha imaxe.
- O/a participante ten que ter o seu perfil social público.
- Deberá etiquetar na foto ao perfil de Turismo Carballo de Facebook, Twitter ou Instagram:
 - ✓ <https://www.facebook.com/turismodecarballo>
 - ✓ <https://twitter.com/TurismoCarballo>
 - ✓ <https://www.instagram.com/turismocarballo/>
- Na publicación ten que figurar o hashtag **#SurfeaCarballo**
- Non concursarán as publicacións efémeras como "Stories" ou "Fleets". Os participantes deberán realizar a publicación no seu muro ou timeline.

- As fotografías terán que ser orixinais. O/a participante manifesta e garante que é o único titular de todos os dereitos de autor sobre a fotografía que se presenta ao sorteo e responsabilízase totalmente de que non existan dereitos de terceiros nas obras presentadas, así como de toda reclamación de terceiros por dereitos de imaxe.
- Se na fotografía aparecen outras persoas, o/a participante deberá ter permiso expreso das mesmas para publicar o devandito contido.
- Non se admitirán contidos de carácter racista, sexista, homófobo ou discriminatorio por razón de nacionalidade, sexo, relixión, idade ou calquera tipo de discapacidade. Non se aceptan as publicacións que conteñan apoloxía do terrorismo ou da violencia, ou que apoien violacións dos dereitos humanos. Non se admiten publicacións con contidos ou ligazóns que se consideren publicidade, spam, pornografía ou material protexido por dereitos de autor. Non se aceptarán as publicacións con contidos, ligazóns ou nomes de usuarios que se consideren insultantes, difamatorios ou contrarios ás leis españolas.

PREMIO:

- As autoras/autores de cada fotografía publicada que cumpra cos requirimentos esixidos participarán nun **sorteo de 4 estadias de 6 días para dúas persoas a pensión completa nalgunha das escolas de surf do Concello de Carballo que poderán desfrutarse na 1ª quincena de setembro de 2021 ou, no seu defecto, cando as condicións sanitarias da COVID-19 o permitan**. No sorteo determinaranse tamén 5 suplentes que poderán obter o premio en caso de renuncia ou non comunicación dalgún/dalgunha dos/das gañadores. O sorteo será público e anunciarase a súa data coa suficiente antelación na web do Concello www.carballo.gal e nas propias redes sociais de Turismo Carballo, onde tamén se publicarán os resultados.

Os datos de carácter persoal recollidos serán tratados de acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos. O Responsable de Tratamento dos datos persoais é CONCELLO DE CARBALLO, con dirección PRAZA DO CONCELLO S/N, 15100 - CARBALLO (A CORUÑA); contacto: lopd@carballo.gal. Estes datos recóllense temporalmente coa finalidade de valorar as candidaturas á convocatoria do concurso. A participación no concurso implica a aceptación destas bases, que estarán publicadas nas redes sociais e na páxina web de Turismo Carballo (www.turismocarballo.com) e na páxina web do Concello de Carballo (www.carballo.gal).